

A RESTAURACIÓN (1875-1898)

A volta da monarquía deu paso a un novo sistema político en que dous partidos (o **Partido Conservador** e o **Partido Liberal**) se alternaron no Goberno durante máis de corenta anos.

O reinado de **Afonso XII** (1875-1885) caracterizouse pola estabilidade no Goberno e a non intervención do rei en asuntos políticos.

Cando morreu o rei Afonso XII, a súa esposa **María Cristina de Habsburgo** asumiu a rexencia do Estado (1885-1902) durante a minoría de idade do seu fillo, Afonso XIII.

A CRISE DE 1898 E A FIN DO IMPERIO COLONIAL

Desde 1868 existían en Cuba movementos independentistas, apoiados polos Estados Unidos, que estaban interesados comercialmente en que España se retirase da zona.

En 1898, a rebelión cubana converteuse nunha guerra entre España e Estados Unidos. Neste conflito, a derrota española foi rotunda e supuxo a fin do seu imperio colonial, coa perda de Cuba, Filipinas e Porto Rico. A perda das colonias tivo importantes consecuencias:

- **Económicas**, xa que España entraba nunha nova fase de crise.
- **Políticas**, ao aumentar a desconfianza cara ao réxime da Restauración.
- **Culturais**, pois orixinou a perda de identidade e o desenvolvemento dunha conciencia crítica que demandaba unha renovación profunda da sociedade española.



Retrato de Afonso XII.



Embarque de soldados con destino a Cuba.



9. Elabora un esquema no que se reflectan as principais etapas e características do reinado de Isabel II.



10. Cales eran as principais diferenzas existentes entre liberais progresistas e liberais moderados? Efectúa unha procura en Internet e enuméraas.



11. Sinala as diferenzas que existen entre o sistema político da Primeira República e o sistema da Restauración.

12. Investiga en Internet sobre a guerra hispano-estadounidense de 1898, e confecciona unha lista enumerando as causas que levaron ao seu estalido. Quen foron «os últimos de Filipinas»?